



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E A CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

1. OBXECTO DO CONVENIO

O convenio ten por obxecto regular a colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (CMAOT) e a Corporación Radio e Televisión de Galicia SA en materia de información meteorolóxica a difundir pola televisión e radio (canles da Corporación Radio e Televisión de Galicia).

2. OPORTUNIDADE E IDONEIDADE DO CONVENIO

A CMAOT, de conformidade co disposto no Decreto 167/2015, do 19 de novembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, ten competencias para a xestión do sistema de observación e predición meteorolóxica de Galicia e fomenta que se difunda o máximo posible a información meteorolóxica e demais información deste tipo relativa a Galicia, nos medios de comunicación en xeral e concretamente nos medios de comunicación da Corporación de Radio e Televisión de Galicia S.A. (televisión e radio).

Pola súa parte, a Corporación de Radio e Televisión de Galicia S.A., entidade prestadora á que se lle encomenda a xestión do servizo público de comunicación audiovisual de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, está interesada en acceder á información sobre a predición meteorolóxica que a CMAOT elabora para Galicia e á información oceanográfica, para divulgala publicamente nas emisións que realiza a través da súas canles de televisión e radio (Televisión de Galicia e Radio Galega), fundamentalmente nos seus espazos de carácter informativo.





Tendo en conta que ambas institucións conflúen no obxectivo común respecto da información meteorolóxica (a súa difusión ao público en xeral) parece conveniente establecer o presente convenio de colaboración para atender aos intereses de ambas partes.

3. XUSTIFICACIÓN DA FIGURA XURÍDICA DO CONVENIO

O convenio que nos ocupa presenta caracteres inconfundibles que permiten excluílo da aplicación da normativa de contratación pública e que, en última instancia, xustifican a figura do convenio de colaboración:

- Non existe un beneficio explícito para a entidade que colabora, polo que non considera necesario promover a concorrência.
- Non existe reciprocidade de prestacións, senón que por parte da administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ponse a disposición da Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A. información meteorolóxica que xera a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental (SXCAA), mentres que a Corporación Radio e Televisión de Galicia colabora en parte dos custos soportados pola SXCAA para a elaboración da mesma.
- Existe un interese común das partes na transmisión da información meteorolóxica á cidadanía, actividade que está comprendida nos fins públicos perseguidos pola Comunidade Autónoma e pola Corporación Radio e Televisión de Galicia.

Polo tanto trátase dunha colaboración para a consecución dun obxectivo común ás partes, na que ambas realizan achegas de medios persoais e materiais, e a Corporación Radio e Televisión de Galicia realiza ademais unha achega monetaria que se canaliza por medio do presente convenio.





4. VIXENCIA

O presente convenio de colaboración iniciará a súa vixencia o día da súa sinatura e rematará o día 31 de decembro de 2016.

5. FINANCIAMENTO

Este convenio non supón custo económico para a CMAOT. Non obstante, a Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. como compensación polos gastos nos que debe incurrir a Xunta de Galicia para realizar as actividades establecidas neste Convenio aboará 12.000 € (doce mil euros) máis a cota de IVE.

Santiago de Compostela,

A subdirectora Xeral de Coordinación Ambiental

María José Echevarría Moreno

